4.4. Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Os diferentes acordos internacionais que obrigan aos países e rexións a dotarse dun marco político e normativo propio e dos recursos orzamentarios suficientes para facelo efectivo, así como as evidencias científicas, fan que o cambio climático se sitúe no centro das políticas públicas. Estas políticas non se limitan tan só a aspectos medioambientais senón tamén a aqueles ámbitos que se ven afectados indirectamente como é o caso da pobreza, a saúde, a mobilidade territorial...

Entre os distintos acordos internacionais cómpre facer referencia aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU. No último informe presentado en decembro de 2021 sinala que se ben a expansión do coronavirus supuxo un freo na consecución de varios ODS (o ano 2020 foi o primeiro no que o valor medio do índice de desenvolvemento sostible retrocedeu), deben manterse os obxectivos de cumprimento fixados. Nas súas consideracións sinala que poñer fin á pandemia é un requisito para restaurar e acelerar o cumprimento dos ODS, así como que a recuperación e consecución dos obxectivos climáticos e de biodiversidade ten de ir acompañada de políticas sociais ambiciosas de "non deixar a ninguén atrás" e de solidariedade. Segundo so datos publicados no último informe, España ocupa o posto 22 dos 34 países europeos incluídos no Índice dos ODS, cunha puntuación de 68,5 sobre cen, cando a media da UE se sitúa en 71,4.

O punto de partida do capitulo dedicado aos aspectos medioambientais e desenvolvemento sostible ten de ser o estudo do grao de cumprimento en España dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU. A continuación analízanse aspectos relacionados co cambio climático, en especial as emisións de gases efecto invernadoiro, e o investimento empresarial en protección medioambiental. En terceiro lugar, faise referencia a indicadores da natureza e biodiversidade, no que se presentan os espazos protexidos, para centrarse en cuarto lugar nos bosques e nos incendios forestais. Por último, analízanse tanto os residuos sólidos urbanos como os residuos industriais.

Non obstante, a modo de introdución cómpre sinalar que Galicia é a Comunidade Autónoma que presenta unha menor satisfacción co entorno no que vive e coas zonas verdes e áreas recreativas, tan só por diante de

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) 2021. Situación actual e tendencia

Obxectivos	Situación actual (1)	Tendencia (2)
1 Sin pobreza	Quedan desafíos importantes	Estancado
2 Fame cero	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
3 Boa saúde e benestar	Os desafíos permanecen	Mellora moderadamente
4 Educación de calidade	Os desafíos permanecen	Mellora moderadamente
5 Igualdade de xénero	Os desafíos permanecen	Mellora moderadamente
6 Auga limpa e saneamento	Os desafíos permanecen	Mellora moderadamente
7 Enerxía asequible e limpa	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
8 Traballo decente e crecemento económico	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
9 Industria, innovación e infraestrutura	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
10 Redución da desigualdade	Quedan desafíos importantes	Encamiñado ou mantendo o logro dos ODS
11 Cidades e comunidades sostibles	Os desafíos permanecen	Mellora moderadamente
12 Consumo e produción responsables	Quedan desafíos importantes	Estancado
13 Acción climática	Quedan desafíos importantes	Estancado
14 Vida submarina	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
15 Vida na terra	Quedan desafíos importantes	Decrecente
16 Paz, xustiza e institucións sólidas	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente
17 Alianzas para lograr os obxectivos	Quedan desafíos importantes	Mellora moderadamente

(1) De mellor a peor grado de cumprimento dos obxectivos a situación actual clasificase en: Obxectivos logrados; Permanecen os obxectivos; Quedan retos importantes ou significativos por acadar; e por último, o nivel máis baixo "Persisten os desafíos máis importantes".

(2) De mellor a peor, a tendencia ou evolución clasificase: En camiño ou mantendo o logro; mellora moderadamente; estancado; empeora

Fonte: Red Española para el Desarrollo sostenible, *Informe para el Desarrollo Sostenible en Europa 2021*

4.4.1.

Ceuta e/ou Melilla. Segundo so datos do INE recollidos no Indicador multidimensional de calidade de vida (dimensión 8: entorno e medio ambiente), tan só o 46% dos galegos presentan en 2020 (último dato dispoñible) un grao de satisfacción alta ou moi alta coas zonas verdes e áreas recreativas, porcentaxe tan só superior ao de Ceuta e Melilla (60% no conxunto do Estado), en tanto que un 55,4% di ter un grao de satisfacción alta ou moi alta co entorno no que vive, superando tan só a Ceuta neste caso (70,8% en España).

O índice global de calidade de vida no que a esta dimensión medioambiental se refire, redúcese no último ano en máis dun punto en relación ao ano precrise tanto en Galicia como en España. Así, o índice acada un valor de 102,12 fronte aos 92,09 en Galicia (base España 2008 = 100), cando no ano anterior esta indicador situábase en 103,45 e 100,41, respectivamente (98,13 puntos en Galicia en 2008).

Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 da ONU establecen propósitos no ámbito do desenvolvemento económico, da inclusión social e da sostenibilidade ambiental que están presentes en todos os obxectivos a acadar ben de xeito prioritario ben acompañando a outro obxectivo.

O informe de desenvolvemento sostible en Europa 2021, presentado en decembro dese ano, indica que os principais desafíos dos ODS aos que se enfronta seguen a pertencer ás áreas de agricultura e alimentación, ao clima e a biodiversidade e á converxencia nos niveis de vida entre os distintos países e rexións. O informe sinala que Finlandia, menos afectado polo covid en comparación co resto dos países, Suecia e Dinamarca son os países que están máis próximos ao seu cumprimento, o que contrasta co comportamento dos países do sur e leste de Europa. Nas súas principais conclusións e recomendacións sinala que a pandemia foi un revés para os cumprimento dos obxectivos, pero que se deben manter os obxectivos (de feito, o ano 2020 foi o primeiro no que o valor medio do índice de desenvolvemento sostible retrocedeu). Deste xeito, considera que poñer fin á pandemia é un requisito para restaurar e acelerar o cumprimento dos ODS.

En termos cuantitativos, o devandito informe sinala que España retrocede no *ranking* dos países europeos analizados ao ocupar o posto 18 entre os 27 países da UE, un menos que no ano anterior, acadando o índice elaborado unha puntuación de 68,5 sobre 100, case tres puntos por baixo da media europea (71,4 sobre cen), cando no informe do ano 2019 o seu posto era o décimo terceiro. No informe anterior as puntuacións acadas por España e a Unión Europa ascendían a 67,8 e 70,7 sobre cen, respectivamente.

O c**adro 4.4.1.** reflicte o grado de cumprimento dos obxectivos no conxunto do Estado e a súa tendencia. Dunha banda, o devandito informe do desenvolvemento sostible en Europa sinala que en España segue sen cumprirse ningún dos 17 ODS, acadando valores comparativamente elevados (permanecen os desafíos) no caso dos ODS 3 (Saúde e benestar), ODS 4 (Educación de calidade), ODS 5 (Igualdade de xénero), ODS 6 (Auga limpa e saneamento) e ODS 11 (Cidades e comunidades sostibles). Para o resto dos ODS o informe reflicte que seguen existindo os retos máis importantes.

Atendendo á súa tendencia, o devandito **cadro 4.4.1.** reflicte que tan só o obxectivo correspondente á redución da desigualdade (ODS 10) está en camiño de acadar ou mantén o seu cumprimento, situándose no extremo oposto o obxectivo relativo á vida de ecosistemas terrestres (ODS 15), que mantén unha tendencia decrecente. Asemade, está estancado no caso dos obxectivos de sen pobreza (ODS 1), produción e consumo responsable (ODS 12) e acción climática (ODS 13).

No concernente ao obxectivos medioambientais, que se corresponden cos ODS 12 a 15, o informe sinala que non hai evidencia clara de mellora estrutural nos obxectivos comunitarios do clima e a biodiversidade tras o impacto da covid. Con todo, para o caso español aínda quedan pendentes no momento actual importantes desafíos nos catro ODS. Asemade, a tendencia é de mellora moderada no caso do ODS 14, vida submarina, o que contrasta cunha tendencia decrecente no caso da vida de ecosistemas terrestres (ODS 15).

Cambio climático

A causa principal do quecemento global está nos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI). A nivel europeo, a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sostenibilidade os de acadar nese ano unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcentaxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

De acordo cos datos facilitados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, por terceiro ano consecutivo descende o volume de emisións de gases considerados de efecto invernadoiro. Ao longo do ano 2020, último dato dispoñible, emitíronse en Galicia 18.603 miles de toneladas de CO2 equivalente, o que representa o 6,8% do total estatal, unha décima menos que no ano precedente. En relación ao ano anterior, cómpre resaltar a redución de 2.974 miles de toneladas de CO_2eq en termos absolutos, o que significa unha diminución do 13,8% (-12,5% no conxunto do Estado).

Atendendo á distribución segundo tipo de gas, o **cadro 4.4.2.** reflicte que o CO_2 (dióxido de carbono) representa no ano 2020 o 74,3% dos GEI emitidos en Galicia, situándose o peso relativo do metano (CH_4) no 16,9% e no 7,1% no caso do óxido nitroso (N_2O). No último ano considerado, tras unha redución do 27% respecto ao ano precedente, emitíronse un total de 13.818 miles de toneladas de CO_2 equivalente de dióxido de carbono, reducíndose lixeiramente as emisións de metano, con 3.136,3 miles de toneladas de CO_2 equivalente (1,1% menos que no ano 2019), e permanecendo practicamente constantes as emisións de óxido nitroso, que acadan as 1.312,7 miles de toneladas (-0,1%).

En relación ao devandito obxectivo fixado para 2020, **cadro 4.4.3.**, tras a significativa redución rexistrada en 2019, as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situáronse no último ano analizado un 35,9% por baixo do rexistrado en 1990, o que mantén a Galicia

Emisións de CO_2 equivalente 2020: distribución segundo actividade e principais tipos de gases

	CO_2	CH_4	N_2O	HFCs	PFCs	SF_6	Total	%
			CO2 equivalente (miles de toneladas)					*(%)*
Total Emisións	**13.818,04**	**3.136,34**	**1.312,71**	**293,53**	**25,02**	**17,46**	**18.603,10**	**100,00**
Procesado da enerxía	12.854,21	172,48	123,93				13.150,62	70,69
Actividades de combustión	12.563,50	166,51	123,92				12.853,93	69,10
Industrias do sector enerxético	3.266,86	1,90	25,40				3.294,16	17,71
Industrias manufactureiras e da construcción	2.140,86	44,70	14,92				2.200,49	11,83
Transporte	4.136,46	3,62	46,45				4.186,53	22,50
Outros sectores	3.004,41	116,28	37,01				3.157,71	16,97
Outros	14,91	0,00	0,14				15,05	0,08
Emisións fuxitivas dos combustibles	290,71	5,97	0,01				296,69	1,59
Combustibles sólidos							-	-
Petróleo e gas natural	290,71	5,97	0,01				296,69	1,59
Procesos Industriais	942,34	1,20	37,59	293,53	25,02	17,46	1.317,15	7,08
Produtos minerais	108,44						108,44	0,58
Industria química	193,56						193,56	1,04
Produción metalúrxica	592,76	1,20			24,61		618,57	3,33
Produtos non enerxéticos e uso de disolventes	47,58						47,58	0,26
Industria electrónica							-	-
Uso de sustitutivos dos GEIs				293,53	0,42		293,95	1,58
Produción e uso doutros produtos			37,59			17,46	55,05	0,30
Outros							-	-
Agricultura	21,49	2.609,20	1.093,67				3.724,36	20,02
Fermentación entérica		2.013,58					2.013,58	10,82
Xestión do esterco		595,43	204,09				799,53	4,30
Cultivo de arroz							-	-
Chans agrícolas			889,52				889,52	4,78
Queimas planificadas de sabanas							-	-
Queima no campo de residuos agrícolas		0,19	0,06				0,25	0,00
Enmendas calizas							-	-
Fertilización con urea	19,28							-
Aplicación de fertilizantes con carbono	2,21						2,21	0,01
Cambio de uso do chan e silvicultura							-	-
Tratamento e eliminación de residuos	-	353,45	57,53				410,98	2,21
Depósito en vertedeiros		280,89					280,89	1,51
Tratamento biolóxico de residuos sólidos		2,21	0,77				2,98	0,02
Incineración de residuos		0,91	2,63				3,54	0,02
Tratamento de augas residuais		69,43	54,13				123,56	0,66
Outros		0,01					0,01	0,00
Outros							-	-

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda


4.4.2.

como unha das tres CC.AA. que cumpren co obxectivo fixado, xunto a Asturias e Castela e León (ademais de Ceuta). O nivel de emisións en España está un 6,2% por baixo do acadado en 1990.

Atendendo á distribución sectorial segundo actividade cómpre resaltar que as emisións de GEI das actividades de procesado de enerxía ascenden ata as 13.150,6 miles de toneladas de CO_2 equivalente, o que representa o 70,7% das emisións galegas. Dentro deste grupo de actividades o sector que máis emisións de GEI emite é o transporte, con 4.186,5 miles de toneladas, e as industrias do sector enerxético, con 3.294,2 miles, o que representa o 22,5% e o 17,7% do total das emisións galegas. A continuación situaríase o sector agrícola, cun volume de emisións de 3.724,4 miles de toneladas de CO_2 equivalentes, o 20% do total galego, e os procesos industriais, con 1.317,2 miles de toneladas, o 7,1% do total.

O **gráfico 4.4.4.** reflicte o desigual comportamento entre as distintas actividades económicas. Dunha banda, as industrias do sector enerxético presentan unha redución do 31,4% respecto ás emisións do ano

Índice de emisións de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2020 (1)




(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.3.

Variacións das emisións GEI en 2020: distribución segundo sectores



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

4.4.4.

Emisións de CO2 asignadas e declaradas 2021

	Instalacións	Emisións asignadas	Emisións declaradas		
			2021		21/20
		(t CO_2 eq)	(t CO_2 eq)	(%)	(t CO_2 eq)
Produción enerxía eléctrica	3	-	1.964.633	34,5	-426.017
Coxeración-combustión	22	501.943	884.060	15,5	-129.688
Refino e produción de H2	2	703.632	927.799	16,3	100.522
Produción de aceiro e ferroaleacións	5	338.455	393.690	6,9	98.429
Produción de aluminio	3	882.492	1.070.991	18,8	20.055
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	182.914	280.100	4,9	121.800
Fabricación cerámica	0	-	-	-	-3.758
Produción papel	1	38.754	67.455	1,2	-22.066
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	40.655	106.225	1,9	-6.265
Total	**40**	**2.688.845**	**5.694.953**	**100**	**-246.988**

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e vivenda

4.4.5.

anterior, sendo esta caída do 18,3% no caso do subsector do transporte e do 13,8% nas industrias non enerxéticas. Tan só a agricultura experimenta unha lixeira medra interanual das súas emisións, cun 1,5%. Doutra banda, se se considera o período 1990-2020 o transporte rexistrou unha medra das súas emisións do 29,3%, incremento superior aos experimentado por "outros sectores", cun 23,2%, e o sector agrícola, co 20,3%. Pola contra, reducíronse as emisións un 77,9% nas industrias do sector enerxético, sendo esta caída do 39,3% no caso do sector do tratamento e eliminación de residuos e do 18,2% no que se refire ás actividades asociadas á industria non enerxética (combustión máis procesos).

Os datos proporcionados polo informe de emisións de GEI en Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda reflicten que dos 18,6 millóns de toneladas de CO_2 equivalente emitidos en Galicia durante o ano 2020, 5,9 Mt CO_2eq (31,9%) proveñen das instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro en Galicia (o denominado sector directiva), correspondendo as restantes 12,7 Mt CO_2eq (68,1%) aos definidos como sectores difusos. O comportamento de ambos os dous sectores foi desigual no último ano, xa que mentres as emisións asociadas ao réxime de comercio de dereitos de emisión decreceron nun 28,3% respecto do 2018, as emisións dos sectores difusos experimentaron unha caída do 4,7%.

No concernente ás inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005, o **cadro 4.4.5.** amosa que no período de notificación de 2021, o volume total de emisións declaradas polas 40 instalacións afectadas pola devandita lei (sete menos que no ano anterior) descendeu ata as 5.695 miles de toneladas de CO_2, o que supón unha caída de 247 miles de toneladas de CO_2 equivalentes en relación ao ano anterior (-4,2%). O sector da produción de enerxía eléctrica, a pesar dunha redución de 426 miles de toneladas, é responsable do 34,5% das emisións totais declaradas no último ano en Galicia, por diante das actividades da produción de aluminio e refino e produción de hidróxeno, co 18,8% e o 16,3% das emisións, respectivamente.

Os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes sinalan que no ano 2020, último dispoñible, as actividades industriais contaminantes existentes en Galicia ascendían a 44, e os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes a 231. Galicia sitúase como a quinta Comunidade Autónoma por número de actividades industriais contaminantes (sexta no ano anterior) e mantense como a

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2019-20: actividades e complexos contaminantes (1)

	actividades industriais		complexos industriais	
	2019	2020	2019	2020
Andalucía	51	50	533	556
Aragón	49	49	941	1.101
Asturias	30	33	74	75
Baleares	12	12	24	24
Canarias	16	16	46	48
Cantabria	30	29	56	55
Castela e León	46	48	784	823
Castela-A Mancha	40	39	401	415
Cataluña	68	69	1.400	1.428
C. Valenciana	32	42	218	287
Estremadura	26	25	97	88
Galicia	42	44	212	231
Madrid	36	38	179	184
Murcia	36	38	205	232
Navarra	37	39	209	227
País Vasco	44	43	221	219
A Rioxa	18	19	66	69
Cidade Autónoma de Ceuta	1	1	1	1
Cidade Autónoma de Melilla	2	2	2	2
Total	616	636	5.669	6.065

(1) complexos que teñen datos de información pública
Fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes (PRTR España)

4.4.6.

oitava en canto ao número de complexos industriais (**cadro 4.4.6.**).

• Gasto das empresas en protección medioambiental

Un dos indicadores que permite avaliar os resultados das políticas medioambientais, tanto no contexto nacional como internacional, é o gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes. A pesar desta relevancia hai que ter en conta que a importante decalaxe temporal existente nos datos publicados non permite observar o impacto da crise orixinada pola pandemia nas políticas de protección medioambiental das empresas. O gasto da industria galega en protección ambiental mantén a tendencia positiva dos últimos anos ao aumentar de xeito importante no ano 2019 (último dispoñible). Tras unha medra do 34,9% en relación ao ano anterior (67,4 millóns de euros máis que en 2018) as empresas galegas destinaron a protección ambiental un total de 260,8 millóns de euros. Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, no último ano aumenta a importancia relativa de Galicia no gasto total, ao representar o 9,3% do total estatal, case dous puntos máis que no ano anterior (7,4%), a porcentaxe máis elevada dende a recuperación económica aínda que lonxe do 10,8% acadado en 2008.

Este incremento ven motivado especialmente pola medra rexistrada no investimento total e, en menor medida, do investimento en equipos e instalacións integrados, descendendo lixeiramente o gasto corrente. Tal como reflicte o **cadro 4.4.7.**, o investimento medra un 84,9% respecto ao ano anterior (68,3 millóns de euros máis) e os gastos correntes redúcense un 0,8% (0,9 millóns de euros). Tras esta evolución, o investimento total ascende a 148,9 millóns de euros e os gastos correntes a 112 millóns.

Máis do 85% do total investido pola industria en pro-

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-19 (1)

	España				Galicia			
	2008	2013	2018	2019	2008	2013	2018	2019
	(en millóns de euros)							
Total CNAE B, C e D	**3.129,4**	**2.311,9**	**2.626,2**	**2.792,0**	**339,2**	**165,9**	**193,3**	**260,8**
Investimento total	1.533,8	556,1	619,6	736,7	245,6	47,8	80,5	148,8
Equipos e instalacións independentes	686,7	220,2	181,4	232,0	75,9	7,6	9,7	21,4
Protección do aire e o clima	344,7	37,0	54,9	66,3	6,9	1,2	4,0	7,1
Xestión de augas residuais	156,3	74,3	39,1	48,6	23,5	3,8	3,0	10,3
Xestión de residuos	66,1	13,6	13,8	22,7	5,1	1,4	0,4	0,7
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	22,3	22,3	14,6	20,1	1,9	0,2	1,4	0,8
Redución de ruídos e vibracións	15,3	2,2	4,8	8,9	0,3	0,1	0,3	0,1
Protección da biodiversidade e a paisaxe	75,4	64,9	38,2	47,0	36,9	0,8	0,4	1,2
Outras actividades de protección ambiental	6,7	5,9	16,0	18,4	1,4	0,1	0,2	1,2
Equipos e instalacións integrados	847,1	336,0	438,2	504,7	169,8	40,2	70,8	127,4
Protección do aire e o clima	479,3	229,7	326,5	391,9	127,3	31,0	61,8	112,5
Xestión de augas residuais	80,3	39,0	38,9	41,8	4,8	2,8	2,9	1,7
Xestión de residuos	77,8	34,5	48,0	44,8	3,8	3,5	4,5	10,2
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	18,9	12,3	14,7	13,6	2,7	2,4	1,1	0,7
Redución de ruídos e vibracións	19,3	5,7	4,6	3,9	3,6	0,3	0,3	0,4
Outras actividades de protección ambiental	171,6	14,8	5,5	8,7	27,5	0,2	0,2	1,9
Gastos correntes	1.595,6	1.755,8	2.006,7	2.055,3	93,5	118,1	112,9	112,0
C. Industria manufactureira	**2.421,0**	**2.094,4**	**2.348,1**	**2.437,9**	**132,6**	**131,6**	**136,5**	**159,4**
Investimento total	917,9	453,3	498,8	540,9	48,0	34,8	31,6	56,5
Equipos e instalacións independentes	406,8	146,4	116,3	148,3	14,4	5,8	7,3	18,5
Protección do aire e o clima	179,3	34,8	42,5	57,4	4,3	1,0	3,6	7,0
Xestión de augas residuais	125,3	73,6	38,7	47,6	7,0	3,8	3,0	10,2
Xestión de residuos	60,0	9,9	11,2	18,3	1,9	0,6	0,2	0,4
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	16,7	18,8	10,1	6,3	0,5	0,2	0,1	0,5
Redución de ruídos e vibracións	13,6	2,1	4,8	3,9	0,2	0,1	0,3	0,1
Protección da biodiversidade e a paisaxe	7,4	1,3	1,1	0,7	0,1	0,0	0,0	0,0
Outras actividades de protección ambiental	4,5	5,9	8,0	13,9	0,5	0,1	0,1	0,3
Equipos e instalacións integrados	511,1	306,9	382,4	392,6	33,5	29,1	24,3	37,9
Protección do aire e o clima	249,2	214,2	278,8	289,9	20,6	22,7	17,6	24,7
Xestión de augas residuais	72,1	36,3	36,3	38,6	4,7	0,8	0,8	1,6
Xestión de residuos	75,5	32,4	47,5	44,0	3,5	3,2	4,4	10,1
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	10,6	6,7	10,5	8,9	0,5	1,9	1,0	0,6
Redución de ruídos e vibracións	14,2	5,2	4,3	3,8	0,1	0,3	0,2	0,4
Outras actividades de protección ambiental	89,5	12,1	5,0	7,3	4,1	0,2	0,2	0,5
Gastos correntes	1.503,1	1.641,1	1.849,3	1.897,0	84,6	96,8	104,9	102,9

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: IGE, Territorio e medio

4.4.7.

tección ambiental destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo (en concreto o 85,6%), fronte ao 14,4% restante dedicado a equipos e instalacións independentes. A nivel estatal estas porcentaxes sitúanse no 68,5% e 31,5%, respectivamente.

Dende un punto de vista cuantitativo, o investimento en equipos integrados de protección do aire e o clima volve a acadar o valor máis elevado, con 112,5 millóns de euros no ano 2019, fronte aos 61,8 millóns investidos no ano anterior. Séguelle en importancia os investimentos tanto en equipos e instalacións independentes de xestión de augas residuais como en equipos e instalacións integrados de xestión de residuos, con máis de dez millóns de euros (3 e 4,5 millóns no ano anterior).

O 61,1% do gasto das empresas galegas en protección ambiental corresponde ás industrias manufactureiras (87,3% no conxunto do Estado), ao dedicar un total de

159,4 millóns de euros, o que supón un incremento do 16,8% do gasto realizado no ano anterior (22,9 millóns de euros máis). Estas empresas manufactureiras dedican ao investimento en protección ambiental 56,5 millóns de euros, o que representa o 35,4% do total investido no tecido produtivo (22,2% no conxunto de España). No caso do conxunto da industria manufactureira no último ano considerado increméntase tanto o investimento en equipos independentes (152,8%; 11,2 millóns de euros máis) como integrados (56,7%; 13,7 millóns de euros). Doutra banda, os gastos correntes descenden en Galicia a 102,9 millóns de euros, o 64,6% do gasto total galego (77,8% en España).

A pesar do devandito incremento nos dous últimos anos, o gasto en protección ambiental das empresas galegas e españolas sitúase significativamente por baixo do rexistrado en 2008. En concreto, o gasto redúcese en Galicia un 23,1% en Galicia entre os dous anos considerados, sendo esta porcentaxe do 10,8% no conxunto do España. Esta caída contrasta coa medra experimentada pola industria manufactureira, cunha incremento do 20,2% na C.A. fronte a tan só un 0,7% en España. Se se considera tan só o investimento real, do devandito **cadro 4.4.7.** despréndese que fronte á acusada caída nas empresas manufactureiras en España (-41,1%), Galicia caracterízase por unha medra do 17,7% entre os anos 2008 e 2019.

Natureza e biodiversidade

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, en función dos bens e valores a protexer e dos obxectivos de xestión a cumprir, clasifica os espazos protexidos presentes en Galicia nas seguintes categorías: reserva natural; parque; monumento natural; zona húmida protexida; paisaxe protexida; espazo protexido Rede Natura 2000; espazo natural de interese local; e espazo privado de interese natural.

A Rede galega de espazos protexidos (RGEP) está constituída por todos eles agás os espazos naturais de interese local e os espazos privados de interese natural. En concreto, seis parques naturais declarados; o parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas; oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular; cinco zonas húmidas protexidas; dúas paisaxes protexidas; e máis de setenta zonas de especial protección dos valores naturais.

En base á Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Na actualidade Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000 con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Segundo os datos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a superficie terrestre total protexida pola RGEP ascende a 358.984 hectáreas, o que representa o 12,14% da superficie galega. Atendendo á súa distribución provincial, Lugo e Ourense son as provincias con maior superficie de espazos protexidos, con 153.296 hectáreas e 133.347 hectáreas, o que supón o 15,56% e 18,34% da súa superficie. Como reflicte o **cadro 4.4.8.**, estas porcentaxes sitúanse en torno ao 5,8% no caso da provincia da Coruña e Pontevedra, ascendendo a superficie protexida pola RGEP a 46.340 e 26.000 hectáreas, respectivamente.

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos: dunha banda, os once espazos naturais de interese local (Xunqueira de Alba; Loio-Ruxidoira; Puzo do Lago; Voutureira; Illas de San Pedro; Río Gafos; complexo duna e areal do Vao-Baluarte; o Ecosistema dunar praia América-Panxón; as Ribeiras do Mero-Barcés; Río Abelleira; Torre de Hércules e Brañas de Sada) e doutra banda, dous espazos privados de interese natural (Sobreiras do Faro e Lagos de Lousada). A superficie total ascende a 947,1 hectáreas, das que 895,7 hectáreas corresponden aos espazos naturais de interese local. Este dato completaríase coa declaración no ano 2022 de espazo privado de interese natural das Fragas e Brañas do Alto do Gaiteiro (74,5 hectáreas).

Rede Galega de Espazos Protexidos: distribución segundo categoría e provincia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
			(en hectáreas)		
Superficie	795.771	985.245	727.004	448.977	2.956.998
Red Galega de Espazos Protexidos	46.340	153.296	133.347	26.000	358.984
Parques	10.271	-	38.185	1.709	50.165
Monumentos naturais	259	104	1.000	5	1.368
Humidais protexidos	2.925	500	-	976	4.400
Paisaxes protexidos	212	-	691	-	903
Espazos protexisdos Red Natura 2000	46.035	153.293	129.258	25.943	354.529
			(% sobre superficie total)		
Red Galega de Espazos Protexidos	5,82	15,56	18,34	5,79	12,14
Parques	1,29	0,00	5,25	0,38	1,70
Monumentos naturais	0,03	0,01	0,14	0,00	0,05
Humidais protexidos	0,37	0,05	0,00	0,22	0,15
Paisaxes protexidos	0,03	0,00	0,10	0,00	0,03
Espazos protexisdos Red Natura 2000	5,78	15,56	17,78	5,78	11,99

Fonte: Xunta de Galicia

4.4.8.

Ademais dos espazos protexidos pola Rede Galega, hai determinadas áreas que están protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

• Cinco Humidais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar): o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrido; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.

• Seis áreas declaradas como reservas da biosfera, elemento fundamental do Programa MaB da UNESCO: Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño; a Área de Allariz; Transfronteriza-Gerês-Xurés; e por último, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.

• A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. España aporta dúas zonas das 81 que forman parte da rede: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, con 8.480 hectáreas, e a área mariña protexida de El Cachuco, en Asturias, con 234.966 hectáreas.

• Fauna salvaxe

O medio natural alberga a poboacións de especies silvestres, algunhas das cales ocasionan danos ás colleitas agrícolas, aos aproveitamentos forestais, á produción gandeira e mesmo ocasionan accidentes de tráfico. Pola súa importancia, en Galicia cómpre salientar a incidencia dos ataques dos lobos e dos xabarís.

No que atinxe á incidencia dos ataques do lobo na cabana gandeira galega, os datos reflectidos no **cadro 4.4.9.** amosan que nos últimos cinco anos o número de reses mortas por ataques nas explotacións gandeiras galegas supera as 2.000, cifra que se ben non é elevada no conxunto da cabana gandeira galega si implica un custo importante e significativo para as explotacións que teñen danos recorrentes. No ano 2021 rexistráronse un total de 2.050 reses mortas, 249 menos que no ano anterior, das que o 46% (944 reses mortas) corresponde ao gando ovino e un 29,5% ao vacún (604 reses). Máis dun 15% das reses mortas corresponden ao gando equino e un 9,3% ao caprún (311 e 191 reses mortas, respectivamente).

Doutra banda, a partir dos datos das solicitudes de

Danos provocados no sector agrícola e gandeiro polo lobo e xabarín 2016-21

Danos provocados polo lobo

	Avisos	Reses afectadas				
		Equino	Ovino	Caprún	Vacún	Total
2016	820	170	801	185	417	1.573
2017	1.203	256	1.288	242	593	2.379
2018	1.328	335	924	174	786	2.219
2019	1.396	441	957	216	707	2.321
2020	1.303	290	1.044	298	667	2.299
2021	1.204	311	944	191	604	2.050

Danos provocados polo xabarín

(superficie de cultivos afectada)

	2016	2019	2020	2021 (1)
		(hectáreas)		
A Coruña	61,5	275,1	718,4	782,3
Lugo	168,0	676,0	733,8	569,8
Ourense	114,8	264,1	243,8	310,3
Pontevedra	26,8	78,1	50,6	77,4
Galicia	371,0	1.293,2	1.746,6	1.739,7

(1) Dende o ano 2021 inclúense o novo concepto dos frutais

Fonte: Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas

4.4.9.

pago de indemnización presentadas por agricultores e gandeiros galegos afectados por danos de xabarís nos seus predios, a superficie de cultivos afectada no ano 2021 ascende a 1.739,7 hectáreas, o que supón un lixeiro descenso respecto ao ano anterior, con 6,8 hectáreas menos (-0,4%). Esta caída ven motivada pola evolución na provincia de Lugo, con 164 hectáreas danadas menos (-22,4%), aumentando nas outras tres provincias, especialmente en Ourense e na Coruña, con 66,5 e 63,9 hectáreas máis (27,3% e 8,9%, respectivamente). Tras esta evolución a provincia coa superficie de cultivo máis afectada foi A Coruña, con 782,3 hectáreas, o 45% da superficie total afectada, superando a Lugo, con 569,8 hectáreas afectadas, o 32,8%. En relación aos anos 2016 e 2020, anos nos que estiveron vixentes ás liñas de axudas para paliar os danos causados por este animal, a superficie de cultivos afectada aumentou en 1.368,7 hectáreas e 446,5 hectáreas, respectivamente.

Por último cómpre sinalar que ao igual que os danos na agricultura, os danos no tráfico van a máis e evidencian un problema real na seguridade viaria e que non está cuberto pola cobertura mínima do seguro. No ano 2020, último ano completo dispoñible, o número total de accidentes de tráfico con xabarís ascende ata os 3.129, o que supón un incremento do 2,4% respecto ao ano anterior (74 accidentes máis). O número de accidentes con vítimas ascendeu a 33, nove máis que no ano precedente. Ao igual que en anos anteriores a provincia de Lugo é a que rexistra o maior número de accidentes ao concentrar o 31,8% do total, fronte ao 29% de Ourense e o 24,3% da Coruña (15% en Pontevedra). A 31 de maio de 2021, o número de accidentes de tráfico causados por xabarís ascende a 1.167, dos que nove son accidentes con vítimas.

Bosques e incendios forestais

Os datos recollidos no Anuario de Estadística Forestal 2019, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación no ano 2021, reflicten que a superficie forestal arborada en Galicia ascende a 1.454.298 hectáreas, o que representa o 71,3% da superficie forestal galega e o 49,2% da superficie total, ambas as dúas porcentaxes superiores ás rexistradas en España,

Estrutura e ordenación da propiedade forestal 2019-21

	2019	2020	2021
Montes públicos			
Nº de montes	237	234	235
Superficie	55.366,50	53.636,16	53.636,16
Montes veciñais en man común (MVMC)			
Nº de montes	3.345	3.349	3.353
Superficie	663.106,83	667.997,98	662.512,45
Superficie media	198,24	199,46	197,59
Comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC)			
Nº de CMVMC	-	3.013	3.016
% de CMVC que cumpren obrigas	-	0,10	0,00
Nº de comuneiros	-	119.529	119.309
Nº medio de comuneiros	-	39,67	39,56
Ingresos	39.721,26	35.779,16	36.872,53
Investimentos	23.821,67	19.610,26	13.690,12
Mancomunidades de montes veciñais en man común			
Nº de mancomunidades	36	36	36
Montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo			
Nº de montes	40	42	43
Superficie	9.404,95	9.568,12	9.568,12
Agrupacións forestais inscritas			
Nº de agrupacións	13	19	19
Superficie	2.093,84	3.145,00	3.145,00
Superficie xestionada	1.730,78	2.491,70	2.491,70
Socios	602	925	925
Parcelas	4.490	9.656	9.656
Rexistro de montes ordenados			
Nº de instrumentos de ordenación e xestión forestal	5.298	6.696	43.296
Nº de proxectos de ordenación (PO)	723	863	987
Nº de documentos simples de xestión	12	15	25
Nº de documentos compartidos de xestión	-	1	1
Nº de adhesións boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	4.563	5.817	42.283
Superficie instrumentos de ordenación e xestión forestal	215.260,28	305.771,72	385.033,24
Superficie proxectos de ordenación (PO)	206.829,99	295.156,01	349.632,18
Superficie documentos simples de xestión	175,10	217,76	401,63
Superficie documentos compartidos de xestión	-	14,13	14,13
Superficie adhesión boas prácticas e modelos silvícolas/xestión forestal	8.255,19	10.383,82	34.985,30
Nº referencias catastrais en montes con adhesión boas prácticas e modelos silvícolas e de xestión forestal	12.599	15.775	69.263
Nº medio de referencias catastrais por adhesión	2,88	2,53	1,56
Superficie media por adhesión	1,96	1,70	0,68

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Estatísticas forestais*

4.4.10.

onde a superficie forestal arborada representa o 66% da súa superficie forestal e un 36,3% da súa superficie total.

No que á propiedade se refire, cómpre mencionar que o 99% da superficie forestal arborada en Galicia está en mans privadas (22% monte veciñal de man común e 77% privada e/ou propietario descoñecido) o que contrasta co 71,7% rexistrado no conxunto do Estado (2,3% e 69,4%, respectivamente). Por contra, tan só o 1% é público en Galicia fronte ao 28,3% en España.

Segundo o Anuario de estatística forestal 2021 da Consellería de Medio Rural, o número de montes ou parcelas forestais con instrumentos de ordenación e xestión forestal (IOXF) ascendeu a 43.296, elevándose a superficie total a 385.033,2 hectáreas, o que supón o 18,9% da superficie forestal galega (26,5% da superficie forestal arborada). En relación ao ano anterior o número de IXOF aumenta un 546,6% (6.696 instrumentos no ano anterior) motivado pola política de axudas existentes e a obrigatoriedade de realizar certas actuacións na propiedade forestal.

Incendios forestais 2020-21 (1): número de sinistros

	Conatos		Incendios		Queimas		Total	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021	2020	2021
A Coruña	254	169	80	46	23	2	357	217
Lugo	171	109	34	28	11	16	216	153
Ourense	427	287	93	36	81	53	601	376
Pontevedra	295	169	56	28	9	7	360	204
Total	**1.147**	**734**	**263**	**138**	**124**	**78**	**1.534**	**950**

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería de Medio Rural

4.4.11.

Atendendo á súa distribución segundo provincia, Ourense concentra o 33,7% da superficie con tan só o 6,2% dos montes ou parcelas, por diante de Lugo que concentra o 27,7% da superficie e o 32,4% dos montes con IOXF. A provincia co maior número de proxectos de ordenación e xestión forestal é A Coruña que concentra o 46,3% dos proxectos fronte ao 14,7% da superficie. Pola súa banda, en Pontevedra, a superficie forestal ordenada representa o 19,8% da superficie galega con instrumentos de ordenación e xestión forestal e o 15,1% dos proxectos.

No rexistro de montes ordenados da Xunta de Galicia están aprobados e rexistrados 987 proxectos de ordenación (PO), o que supón unha medra do 14,4% respecto ao ano anterior, ascendendo a superficie total a 349.632 hectáreas (18,5% superior ao rexistrado no ano precedente). A importancia dos montes veciñais de man común (MVMC) queda reflectida no feito de que estes representan o 86,7% dos proxectos de ordenación (856 proxectos, 111 máis que no ano anterior) e o 89,9% da superficie total (314.207 hectáreas). No que aos montes públicos (patrimoniais) se refire, estes representan o 2% dos proxectos de ordenación (17) que abarcan o 3,4% da superficie total suxeita a proxectos de ordenación forestal (11.751,6 hectáreas).

Cómpre mencionar que a provincia con maior superficie de MVMC suxeita a proxectos de ordenación é Ourense, con 134.117 hectáreas, o que supón o 42,7% do total galego, seguida de Lugo, con 83.774,5 hectáreas (26,7% do total). Non obstante, Pontevedra é a provincia onde a súa importancia relativa é máis elevada xa que o 96,5% da superficie de Pontevedra suxeita a proxectos de ordenación son MVMC, fronte ao 93,2% na provincia de Ourense, lonxe do 64,9% na provincia da Coruña (90,3% en Ourense).

• Incendios forestais

O ano 2021 caracterizouse por un significativo descenso do número total de sinistros e da superficie total afectada en Galicia o que contrasta co incremento rexistrado no conxunto do Estado. Dunha banda, os datos da Consellería de Medio Rural amosan que ao longo do último ano declaráronse un total de 950 sinistros, 584 menos que no ano anterior (-38,1%), que afectaron a 4.403,3 hectáreas, case tres veces e media menos que no ano precedente (10.402 hectáreas menos). Doutra banda, os datos de avance do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico reflicten que en España o número total dos sinistros aumentaron un 8,8% fronte ao 30,2% no caso da superficie. Tendo en conta esta evolución, o peso relativo dos incendios en Galicia no total estatal descende ata o 10,8% no caso dos lumes e ata o 5% no dos incendios (19% e 21,9%, respectivamente, no ano anterior)

Dss devanditas 4.403,2 hectáreas afectadas, 734 lumes afectan a unha superficie inferior a unha hectárea e os restantes 216 lumes a unha superficie queimada superior a unha hectárea (138 incendios e 78 queimas). En relación ao conxunto do Estado, Galicia concentra no último ano o 12,5% dos conatos rexistrados (menos

Incendios forestais 2020-21 (1): superficie afectada

2020

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
							(en Has.)					
A Coruña	14,9	361,5	-	376,5	18,1	272,7	216,5	507,2	33,0	634,2	216,5	883,6
Lugo	8,3	196,5	-	204,7	19,0	174,2	24,3	217,6	27,3	370,7	24,3	422,3
Ourense	14,0	1.163,1	-	1.177,1	66,6	9.359,4	2.463,1	11.889,1	80,6	10.522,6	2.463,1	13.066,2
Pontevedra	20,3	180,7	-	201,1	16,9	120,0	95,9	232,7	37,2	300,7	95,9	433,8
Total	**57,5**	**1.901,9**	**-**	**1.959,4**	**120,6**	**9.926,3**	**2.799,7**	**12.846,5**	**178,1**	**11.828,2**	**2.799,7**	**14.805,9**

2021

	Superficie arborada				Superficie rasa				Superficie Total			
	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total	Conatos	Incendios	Queimas	Total
							(en Has.)					
A Coruña	13,2	176,6	-	189,8	14,1	191,9	5,7	211,7	27,3	368,5	5,7	401,5
Lugo	5,9	1.433,6	-	1.439,5	11,7	883,2	93,2	988,1	17,5	2.316,8	93,2	2.427,5
Ourense	8,2	296,2	-	304,3	40,6	219,6	410,7	670,9	48,8	515,8	410,7	975,2
Pontevedra	11,9	324,6	-	336,5	10,2	202,2	50,0	262,5	22,1	526,9	50,0	599,0
Total	**39,2**	**2.230,9**	**-**	**2.270,1**	**76,5**	**1.497,0**	**559,7**	**2.133,1**	**115,7**	**3.727,8**	**559,7**	**4.403,2**

(1) datos son provisionais

Fonte: Consellería de Medio Rural

4.4.12.

dunha hectárea queimada) e o 7,4% daqueles sinistros que afectaron a máis dunha hectárea.

A Consellería de Medio Rural estima que ao longo do ano 2020 arderon en Galicia 4.403,2 hectáreas, case tres veces e medio menos do arrasado no ano anterior (14.805,9 hectáreas en 2020). Segundo se desprende do **cadro 4.4.12.**, este descenso interanual ven motivado pola evolución da superficie rasa afectada, o que contrasta coa medra no caso da superficie arborada. Dunha banda, a superficie arborada queimada ascende ata as 2.270,1 hectáreas, 310,7 hectáreas máis que no ano anterior (15,9%), o que representa o 51,6% do total galego. Doutra banda, a superficie rasa afectada descende ata as 2.133,1 hectáreas, seis veces veces inferior á do ano anterior (10.713,4 hectáreas menos; -83,4%), o que representa o 48,4% restante da superficie total afectada.

Cómpre resaltar que a devandita menor superficie queimada en 2021 ven motivada fundamentalmente polo forte descenso rexistrado na provincia de Ourense, cunha redución do 92,5% respecto ao ano anterior (12.091 hectáreas menos), sendo esta caída de 482,1 hectáreas na Coruña (-54,6%). Por contra, Lugo presenta unha medra significativa da súa superficie queimada, con 2.005,2 hectáreas máis, case seis veces mais que no ano anterior, sendo esta medra de 165,2 hectáreas en Pontevedra (38,1%).

Tras esta evolución Lugo é a provincia máis afectada polos incendios, cunha superficie arrasada de 2.427,5 hectáreas, o 55,1% da superficie total queimada en Galicia, por diante de Ourense, con 975,2 hectáreas afectadas (22,1% do total de Galicia). A provincia de Pontevedra concentraría o 13,6% da superficie arrasada e A Coruña o 9,1% restante (599 e 401,5 hectáreas, respectivamente). Cómpre resaltar que se se considera tan só a superficie arborada, a provincia de Lugo concentra o 63,4% da superficie arborada queimada en Galicia, fronte ao 14,8% de Pontevedra e o 13,4% de Ourense (8,4% na Coruña).

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2018-19: distribución segundo tipo

	2018		2019		19/18	
	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados	recollidos selectivamente
	(en Tm.)				(%)	
Andalucía	3.908.893	518.363	3.757.373	553.276	-3,9	6,7
Aragón	499.653	150.805	491.160	160.302	-1,7	6,3
Asturias	403.909	97.024	386.727	120.853	-4,3	24,6
Baleares	737.515	214.036	669.809	213.999	-9,2	0,0
Canarias	1.154.154	177.033	1.071.767	210.719	-7,1	19,0
Cantabria	270.175	58.693	276.960	60.297	2,5	2,7
Castela e León	932.547	153.017	925.670	162.818	-0,7	6,4
Castela - A Mancha	859.531	107.747	825.208	116.867	-4,0	8,5
Cataluña	2.333.741	1.149.648	2.336.927	1.460.273	0,1	27,0
Comunidade Valenciana	2.151.275	393.599	2.106.938	390.339	-2,1	-0,8
Estremadura	449.254	59.562	431.426	57.952	-4,0	-2,7
Galicia	953.903	184.342	988.060	187.214	3,6	1,6
Madrid	2.023.858	519.173	1.953.582	710.645	-3,5	36,9
Murcia	647.480	82.474	671.839	91.229	3,8	10,6
Navarra	173.404	120.625	177.186	117.253	2,2	-2,8
País Vasco	634.347	393.187	505.072	360.935	-20,4	-8,2
A Rioxa	111.116	23.005	109.344	24.420	-1,6	6,2
Total	18.284.563	4.422.444	17.764.780	5.019.972	-2,8	13,5

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.13.

Residuos sólidos urbanos e residuos industriais

A importancia dunha política en materia de residuos radica en que vai dirixida a reducir ao mínimo os efectos negativos da xeración e xestión dos mesmos na saúde e no medio ambiente, así como, en consonancia cos principios que rexen a economía circular, a facer un uso eficiente dos recursos.

No ámbito autonómico, no ano 2021 aprobouse a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que ten entre os seus obxectivos adaptarse á nova normativa europea e estatal e facilitar a transición cara a unha economía circular, promovendo a loita contra o cambio climático. Posteriormente, a nivel estatal aprobouse a Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e solos contaminados para unha economía circular, que ten por obxecto, como indica no seu preámbulo, sentar os principios da economía circular a través da lexislación básica en materia de residuos, así como contribuír á loita contra o cambio climático e protexer o medio mariño. Contribúese así ao cumprimento dos ODS, e en particular os obxectivos 12 (produción e consumo sostibles), 13 (acción polo clima) e 14 (vida submarina).

En termos cuantitativos, o artigo 3 da Lei galega de residuos e solos contaminados establece obxectivos claros a acadar, entre os que se poden mencionar a redución progresiva do peso dos residuos producidos, ata alcanzar en 2020 un 10% de redución respecto dos xerados en 2010, y no ano 2025 un 15%; o incremento da cantidade de residuos municipais destinados á preparación para a reutilización e a reciclaxe de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos e outras susceptibles de ser preparadas para a reutilización (no seu conxunto, como mínimo, o 50 % en peso no ano 2020, correspondendo un 2 % á preparación para a reutilización principalmente de residuos téxtiles, residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e mobles, o 55 % en 2025 e o 60 % en 2030); a eliminación en vertedoiro no ano 2035 dun máximo do 10 % dos residuos domésticos xerados; incremento progresivo da cantidade de residuos

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2018-19: distribución segundo tipo de residuo producido

	2018				2019			
	domésticos	vidrio	papel e cartón	envases mixtos	domésticos	vidrio	papel e cartón	envases mixtos
				(en tm)				
Andalucía	3.908.893	108.768	117.131	94.281	3.757.373	109.126	121.130	103.371
Aragón	499.653	18.939	28.910	19.142	491.160	20.549	28.507	21.904
Asturias	403.909	16.425	41.766	12.696	386.727	17.413	42.471	14.354
Baleares	737.515	40.752	54.341	35.189	669.809	42.970	49.047	38.403
Canarias	1.154.154	41.243	40.485	22.676	1.071.767	44.349	48.375	27.975
Cantabria	270.175	11.261	10.381	6.288	276.960	12.426	5.710	6.830
Castela e León	932.547	49.557	43.700	26.313	925.670	50.879	48.289	28.824
Castela - A Mancha	859.531	21.350	28.067	22.352	825.208	25.095	30.088	24.938
Cataluña	2.333.741	168.197	224.596	158.751	2.336.927	203.329	405.667	184.923
C. Valenciana	2.151.275	85.018	70.106	52.925	2.106.938	89.291	78.781	61.855
Estremadura	449.254	8.231	36.522	13.102	431.426	9.487	31.622	13.876
Galicia	**953.903**	**45.757**	**37.457**	**25.930**	**988.060**	**48.384**	**41.067**	**28.630**
Madrid	2.023.858	104.923	121.390	160.183	1.953.582	114.543	139.642	173.780
Murcia	647.480	26.263	20.879	18.170	671.839	26.768	23.740	20.702
Navarra	173.404	16.777	27.931	22.389	177.186	17.396	26.266	21.360
País Vasco	634.347	61.700	147.679	47.662	505.072	63.400	153.648	50.012
A Rioxa	111.116	8.923	8.150	5.507	109.344	9.153	8.417	5.892
Total	**18.284.563**	**834.764**	**1.067.384**	**743.556**	**17.764.780**	**904.986**	**1.287.418**	**827.965**

Fonte: INE, *Estadística sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.14.

non perigosos de construción e demolición destinados á preparación para a reutilización, a reciclaxe e outros tipos de valorización material, ata alcanzar antes de 2020 o 70 % no peso dos residuos producidos e o 75 % en 2025; acadar antes de 2025 o obxectivo do 30% da preparación para a reutilización do total de residuos domésticos xestionados, e un 5 % en 2030 (estas porcentaxes terán que alcanzarse igualmente e separadamente para os residuos comerciais e para os residuos industriais).

Centrándonos na análise dos residuos sólidos urbanos (RSU), os datos da Enquisa sobre recollida e tratamento de residuos do INE reflicten que Galicia volve a presentar, ao igual que o conxunto do Estado, un aumento do volume total de RSU recollidos. Como se desprende do **cadro 4.4.13.**, en 2019 (último dato dispoñible) recolléronse en Galicia un total de 1.175,3 miles de toneladas, o 5,2% do total estatal, o que supón un aumento do 3,3% respecto ao ano anterior (0,3% en España).

Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos, Galicia presenta unha medra tanto de residuos recollidos selectivamente (1,6%) como, en menor medida, de residuos mezclados (3,6%), o que contrasta co acontecido no conxunto do Estado onde os RSU recollidos selectivamente medra un 13,5%, reducíndose un 2,8% no caso dos RSU mezclados. No último ano dos que se dispón de datos, un total de 187.214 toneladas recolléronse selectivamente, o 3,7% do total estatal, e 988.060 toneladas corresponden a RSU mezclados (5,6%).

No **cadro 4.4.13.** móstrase a evolución por tipo de residuo, salientando o incremento experimentado nos catro grupo de residuos considerados. No ano 2019 recolléronse en Galicia un total de 988.060 toneladas de residuos domésticos, o que supón unha medra do 3,6% respecto ao ano anterior, ascendendo a 48.304 toneladas no caso do vidro (5,7% máis que en 2018). Os maiores incrementos en termos relativos corresponden ao papel e cartón, cunha medra do 9,6%, e aos envases mixtos, co 10,4%, recolléndose en 2019 un total de 41.067 e 28.630 toneladas, respectivamente.

Segundo datos da Sociedade Galega de Medio Am-

Xeración de residuos en Galicia: 2012-19

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
				(en Tm.)				
Minería e extracción	233.402	257.231	286.828	314.387	217.049	275.694	320.889	324.063
Sector primario e alimentario	81.238	94.870	106.067	102.191	126.282	159.940	155.248	177.058
Sector madeira e papel	24.531	27.417	36.307	22.135	35.470	34.850	41.463	62.878
Coiro e téxtil	2.018	1.904	2.039	2.797	2.829	1.719	2.072	3.049
Petróleo, gas natural e carbón	4.860	1.298	5.599	787	242	5.449	272	1.258
Procesos químicos inorgánicos	4.127	5.190	4.370	4.856	5.498	5.197	4.724	5.380
Procesos químicos orgánicos	771	1.361	764	1.277	1.449	1.774	2.796	1.931
Pinturas, adhesivos e tintas	9.035	9.017	8.106	10.782	11.204	12.996	13.617	14.701
Industria fotográfica	342	352	212	182	257	147	218	300
Procesos térmicos	505.215	394.427	373.788	495.124	443.671	483.829	474.383	331.220
Tratamento químico superficies	6.293	7.919	9.618	7.782	11.841	13.221	12.247	12.378
Tratamento físico superficies	118.825	127.408	101.471	102.765	90.622	112.966	109.526	172.021
Residuos aceitosos	40.273	45.442	46.655	51.365	56.881	56.490	53.174	57.250
Disolventes	616	734	652	648	678	960	897	1.109
Envases e absorbentes	89.855	113.590	118.311	87.614	104.440	119.145	134.146	136.774
Outros	141.238	149.281	132.122	134.456	117.677	123.395	130.801	128.147
Construción e demolición	530.578	520.994	759.818	1.053.408	1.352.257	962.810	878.502	1.333.312
Servizos médicos	11.793	10.485	10.514	10.313	12.159	12.159	14.041	13.870
Tratamento de residuos e auga	344.342	286.815	405.128	457.001	464.934	494.269	445.193	413.887
Residuos domésticos asimilables	8.291	2.571	3.022	8.120	5.766	5.734	8.292	7.134
Total	**2.157.643**	**2.058.306**	**2.411.391**	**2.867.990**	**3.061.206**	**2.882.744**	**2.802.501**	**3.197.720**

Fonte: *Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

4.4.15.

biente correspondentes á xestión que esta realiza, no ano 2021 o volume de RSU tratados no complexo medioambiental redúcese lixeiramente ata os 785.075,2 toneladas, o que supón un 5,5% menos que no ano precedente. A este volume hai que sumar un total de 9.397,8 toneladas tratadas en vertedoiro, un 72% superior ao do ano anterior (no ano anterior reducírase un 86,6%, o que supuña 35.215,92 toneladas menos). Asemade, o volume de entrada de residuos de bolsa amarela volve a aumentar en 2021 acadando as 31.680 toneladas, un 1,6% máis que en 2020. Por último, cómpre sinalar que no último ano valorizáronse enerxeticamente 331.681 toneladas, o que supón unha medra do 25% en relación ao estimado no ano anterior.

• Residuos industriais

No concernente aos residuos industriais cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do número de residuos xerados en Galicia no ano 2019 (último dato dispoñible) que ascende a 3,2 millóns de toneladas. Isto supón unha medra interanual do 14,1%, o que contrasta coa redución dun 2,8% experimentada no ano anterior. Como reflicte o **cadro 4.4.15.**, entre as distintas ramas de actividade os residuos de construción e demolición mantense, tras unha medra do 51,8%, como os de maior xeración ao acoller o 41,7% dos residuos xerados (31,3% no ano anterior), seguidos polos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga, que xeran o 12,9% do total (15,9% en 2018).

No que atinxe ao número de instalacións autorizadas para o tratamento de residuos, tanto perigosos coma non perigosos, o ano 2020 (último dato dispoñible) caracterízase por un significativo incremento. O **cadro 4.4.16.** reflicte que Galicia conta con 976 instalacións autorizadas, 67 máis que no ano anterior, rexistrándose este comportamento tanto no caso das instalacións de almacenamento como de clasificación de residuos e valorización.

Dunha banda, na Comunidade Autónoma hai 268 instalacións de almacenamento que presentan unha capacidade máxima de 212,9 miles de toneladas, o que

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2018-20

	Instalacións			Capacidade máxima		
	2018	2019	2020	2018	2019	2020
		(nº)			(en Tm.)	
Almacenamento (1)	214	252	268	184.567	308.520	212.855
Clasificación	251	280	293	1.393.813	1.773.485	1.629.137
Valorización	244	347	385	10.775.376	12.005.679	14.989.090
Eliminación (2)	35	30	30	334.889	323.989	243.889
Total	**744**	**909**	**976**	**12.688.645**	**14.411.673**	**17.074.972**

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: *Cª de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.*

4.4.16.

supón 16 instalacións máis que no ano precedente e unha caída interanual da súa capacidade de almacenamento do 31%. Doutra banda, o número de instalacións de clasificación ascende a 293, o que supón trece instalacións máis respecto ao ano anterior, descendendo a súa capacidade máxima a 1.629,1 miles de toneladas/ano (1.773,5 miles de toneladas no ano precedente). No que atinxe ás instalacións de valorización, Galicia conta con 385 instalacións autorizadas, 38 máis que no ano anterior, cunha capacidade máxima de 15 millóns de toneladas fronte aos 12 millóns no ano anterior.

Fronte ao devandito incremento do número de instalacións autorizadas, mantense o número de instalacións de eliminación de residuos, con 30 instalacións. Do mesmo xeito a súa capacidade máxima descende ata as 243,9 miles de toneladas fronte ás 324 miles de toneladas do ano anterior. ❑